

A Rede de Hortas Municipais de Santiago de Compostela (Galiza) e as súas implicacións para a Educación Ambiental *The municipal network of urban gardens in Santiago de Compostela (Galicia) and its implications for Environmental Education*

Kylyan Marc Bisquert i Pérez. SEPA-Interea, Universidade de Santiago de Compostela (Galiza-España)

Resumo

Santiago de Compostela conta con hortas urbanas municipais desde 2008 grazas a un proxecto piloto de instalación de parcelas no parque de Belvís, no marco dunha estratexia consistorial para diversificar os usos das zonas verdes en clave de ocio saudable. Como finalidades, a recuperación dos saberes tradicionais, a mellora paisaxística e a promoción da agricultura ecolóxica. Nove anos despois, coa disposición de novas instalacións como resposta á demanda, a cidade goza dunha rede que integra cinco espazos máis, sumando ao redor de dúascentas parcelas. O perfil das participantes é diverso, facilitando interaccións interxeracionais e á emerxencia de dinámicas sociocomunitarias. Porén, malia o seu potencial socioeducativo, non se conta cun programa de Educación Ambiental asociado desde 2011. Este traballo pretende salienta a relevancia destes equipamentos para a promoción dunha alimentación sustentable e a reconciliación cidadá coa riqueza cultural e biolóxica dos agroecosistemas galegos. Para tal fin, profúndase nesta experiencia desde as olladas das súas protagonistas, mediante entrevistas semiestruturadas a usuarias e responsables técnicas e políticas, complementadas cun grupo de discusión. O que en definitiva se pretende é suscitar a reflexión acerca das implicacións deste tipo de iniciativas para a construción dunha cultura da sustentabilidade social e ambiental nos contextos urbanos galegos.

Astract

Santiago de Compostela has municipal urban gardens since 2008 thanks to a pilot project of allotment installation in Belvís park, related with a strategy of the city council for diversify the green zones uses including a healthy leisure way. The aims were the recovery of traditional knowledge, the landscape improve and the ecological agriculture promotion. Nine years after, with the new instalations as answer to the citizen demand, the city has a network with five spaces more and around two hundred allotments. Participating profile is diverse, wich allows intergenerational relationships and the emergence of comunitary dynamics. However, despite it social and educative potential, there isn't an Environmental Education program since 2011. This work expects to emphasise the relevance of these equipments to promote a sustainable feeding and the citizen reconciliation with the cultural and biological heritage of the galician agroecosystems. For that, it goes in depth in this experience since the protagonists view by semistructured interviews to users and technic and politic reponsibles, complemented with a discussion group. Definetily, it hopes to arouse a reflection about implications of these initiatives for the build of a social and environmental sutainability culture in the galician urban contexts.

Palabras chave

Hortas Municipais; Alimentación; Sustentabilidade; Administración Local; Agricultura Urbana.

Key-words

Municipal Gardens; Feeding; Sustainability; Local Administration; Urban Agriculture.

Introdución

O traballo que aquí se presenta é resultado dun estudo realizado entre o outono de 2016 e a primavera de 2017 en Santiago de Compostela. A inclusión dunha actividade de presentación de experiencias de hortas urbanas presentes na cidade na programación do Foro Ler o Mundo Hoxe, organizado polo grupo de investigación SEPA-interea da Universidade de Santiago de Compostela, motivou este novo achegamento a unha realidade que aparentaba ter experimentado unha importante evolución nos últimos anos.

Nesta nova aproximación, baseada nun deseño cualitativo que combina entrevistas en profundidade e a celebración dun grupo de discusión cunha análise interpretativa do discurso, búscase profundar nas percepcións e anhelos que persoas usuarias, por unha banda, e responsables técnicas e políticas do proxecto, pola outra, teñen sobre esta experiencia e as súas presentes ou posibles implicacións socioeducativas, especialmente no eido da Educación Ambiental.

Así, nas seguintes liñas ofrécese unha breve aproximación ás hortas urbanas como

marco conceptual de referencia e unha presentación da Rede Municipal de Hortas Urbanas de Santiago de Compostela e a súa evolución, antes de proceder á definición da finalidade e deseño metodolóxico adoptado neste estudo, a exposición dos resultados obtidos e a proposta das conclusións acadadas.

Aproximación ás hortas urbanas

As hortas municipais constitúen un dos moitos modelos existentes de hortas urbanas, concepto en torno ao cal se comprende un conxunto heteroxéneo de iniciativas baseadas na práctica da agricultura no seo dos contextos urbanos, polo que nos podemos encontrar ante unha ampla diversidade de concepcións, usos e fins, tanto actuais como históricos.

A xénese da agricultura urbana remóntase ao xurdimento das propias cidades, pois a aparición dos primeiros asentamentos neolíticos de certa densidade gardou unha estreita relación coa adopción do sedentarismo que exixía, e á súa vez posibilitaba, a actividade agraria. Así mesmo, a agri-

cultura mantivo unha importante presenza nas áreas urbanas de moitos territorios europeos ata a súa industrialización. É precisamente durante a revolución industrial onde se produce a maior fractura entre un mundo agrario que comeza a privatizarse e unhas cidades en pleno crecemento, onde, paradoxalmente, ten orixe a concepción contemporánea de hortas urbanas (RICHTER, 2017, p. 35-36).

Adóitase identificar catro etapas de especial relevancia na evolución das hortas urbanas no contexto das sociedades occidentais contemporáneas, cunha estreita relación con momentos de crise e cambio social (MORÁN e HERNÁNDEZ, 2011; RICHTER, 2017, p. 41-51). En primeiro lugar, os allotments, poor gardens ou hortas para obreiros xurdiron da man do forte crecemento das urbes industrializadas entre finais do s.XIX e principios do XX, principalmente no Reino Unido, Francia, Holanda, Bélxica, Alemaña e os Estados Unidos, como medio complementario de subsistencia dos novos asalariados chegados ás cidades dende o campo, pero tamén como forma de control social por parte das autoridades civís e relixiosas ou incluso das propias empresas. Durante as dúas grandes guerras que arrasaron Europa na primeira metade de s. XX e as súas respectivas posguerras, as hortas urbanas viviron o seu momento álxido, xogando un papel crucial no abastecemento das cidades dadas as dificultades de transporte e a devastación dos terreos de cultivo, pero tamén cun

fin patriótico, incorporando a gran parte da poboación na economía de guerra ao abastecer de alimentos ás tropas do fronte. Tras finalizar este período bélico, a agricultura urbana sufriu un notable declive coa reconstrución das asoladas cidades e o restablecemento do modelo de importación de alimentos dende territorios onde as actividades agrarias estaban cada vez máis industrializadas da man dunha incipiente Revolución Verde. Mais nos anos 70 a agricultura urbana volveu rexurdir mediante proxectos colectivos comunitarios, contraculturais e/ou ecoloxistas, destacando a aparición de movementos como a Green Guerrilla nos Estados Unidos, estendéndose tamén a Europa -principalmente Países Baixos e Reino Unido-, aquí xa *“cunha forte carga de Educación Ambiental”* (MORÁN e HERNÁNDEZ, 2011, p. 7).

Actualmente, é posible identificar unha ampla diversidade de modelos e formatos, existindo distintas propostas de clasificación. Así, NADAL (2015, p. 96-98), os diferencia segundo sexan hortas en solo urbano, público ou privado, un xardín ou parque urbano agrícola, hortas instaladas en azoteas (domésticas, para investigación ou para fins comerciais), agricultura vertical ou cultivos en interior. A esta clasificación por formatos, RICHTER (2017, p. 55-61 e 108-116) engade distincións segundo o seu modelo de xestión (privada, pública, terceiro sector, comunitaria), a propiedade dos mesmos, as estruturas organizativas e de distribución dos espazos (parcelas indi-

viduais/familiares ou horta común), réxime de acceso (alugueiro, cesión gratuíta, grupo pechado ou aberto, con ou sen cota, etc.) ou as súas finalidades e motivacións (lúdicas, educativas, produtivas, políticas, sociocomunitarias, etc.), así como tamén identifica variables que permiten a súa caracterización, sexa en torno ao proxecto, como son os equipamentos dispoñibles, as actividades paralelas asociadas, o sistema de abastecemento de auga ou o destino da produción; ou ben en relación ás usuarias, segundo tipo ou colectivo preferente, a súa composición social, a experiencia previa e as súas motivacións principais.

Pola súa banda, DUCHEMIN (2013, p. 17-92) propón unha tipoloxía comprensiva que pretende aglutinar todos os formatos aparecidos a través do tempo e que continúan a ter presenza na actualidade, segundo sexan hortas de proximidade, obreiras-familiares, de situacións de crise, comunitarias (referíndose aquí ás municipais), colectivas de inserción, compartidas -de iniciativa cidadá autónoma-, institucionais, pedagóxicas ou produtivo-económicas. En todo caso, o autor as entende como un modo de apropiación colectiva duns espazos urbanos cada vez máis privatizados, no mesmo sentido defendido por DURAND (2017), en clave do dereito á cidade.

A Rede Municipal de Hortas Urbanas de Santiago de Compostela

Dende 2008, a cidade de Santiago de Compostela conta cun proxecto municipal de hortas urbanas, o cal deu comezo cunha experiencia piloto de instalación de 29 parcelas na parte alta do parque de Belvís, outrora área agrícola cun íntimo vínculo histórico co casco vello da capital galega. En primeira instancia, a disposición destes espazos concibiuse no marco dunha actuación consistorial para a rexeneración urbana mediante a diversificación dos usos das zonas verdes da cidade, neste caso en clave de ocio saudable ao aire libre orientado prioritariamente a persoas maiores. Así mesmo, o proxecto incluía como finalidades a recuperación dos saberes tradicionais –neste caso agrarios- e a mellora paisaxística da cidade, así como prevía tamén a promoción da agricultura ecolóxica mediante actividades formativas, asesoramento técnico e a instalación de paneis informativos.

Oito anos despois, dada a boa acollida cidadá e a disposición paulatina de novas instalacións por parte do Concello como resposta, a cidade goza xa dunha ampla rede municipal que integra cinco espazos máis en diferentes barrios, sumando máis de duascenas parcelas adxudicadas e traballadas de xeito individual ou colectivo,

dependendo do caso. Estas foron paulatinamente instaladas coa apertura dos espazos de Belvís de Abaixo en 2010, Fontiñas-Cotaredo en 2013, Caramoniña en 2015 e Almáciga e Brañas de Sar en 2016. Así mesmo, o Concello xa anunciou a próxima apertura de novos espazos de hortas na céntrica zona coñecida precisamente como Hortas (redores da Ruela de San Clemente), así como en Salgueiriños, Lamas de Abade e Santa Marta, cos cales se prevé duplicar o número de parcelas dispoñibles¹.

Nun estudo previo realizado polo autor deste texto con motivo do seu Traballo Fin de Grao (BISQUERT, 2013), púidose constatar que se trataban duns equipamentos empregados por un perfil moi diverso de participantes, onde tiñan lugar interaccións interxeracionais en torno á práctica da horticultura e onde emerxían asemade dinámicas sociais cun carácter marcadamente comunitario, o cal, xunto ás motivacións predominantes das usuarias, dotaba a este proxecto dun gran potencial á hora de desenvolver prácticas de Educación Ambiental, non só entre as participantes da experiencia senón tamén de cara á cidadanía en xeral.

Porén, malia a grande oportunidade que supón a presenza e boa acollida deste tipo de equipamentos nunha cidade como

Santiago de Compostela, a Administración Local non dispón dun programa específico de Educación Ambiental que os integre como espazo ou ferramenta pedagóxica dende o ano 2011, o cal dificulta o desenvolvemento da súa dimensión socioeducativa.

Finalidade

O traballo que aquí se presenta é, polo tanto, unha sorte de ampliación e actualización do estudo anteriormente desenvolvido, motivado pola significativa expansión do proxecto inicial de hortas urbanas. Porén, nesta nova aproximación houbo interese en facer un maior fincapé nas percepcións e aspiracións que tanto usuarias como responsables políticas e técnicas manexaban en relación a este equipamento e os seus usos, finalidades, impactos e potencialidades. Así mesmo, interesaba especialmente afondar dun xeito máis específico nas implicacións socioeducativas desta experiencia de agricultura urbana, en especial no tocante á Educación Ambiental, á promoción dun modelo de alimentación sustentable e á reconexión das habitantes dos contextos urbanos coas tradicións agrarias como xeitos de avanzar cara a consolidación dunha cultura da sustentabilidade entre a poboación urbana.

Así pois, a finalidade deste traballo concretábase en dar resposta as seguintes preguntas:

1 https://www.lavozdegalicia.es/noticia/santiago/2017/03/28/huertasurbanas-duplicaran-incluiran-ambito-hortas/0003_201703S28C1995.htm

- Cales son as concepcións actuais das hortas urbanas manexadas por parte das usuarias e responsables da Rede Municipal de Compostela?
- Que implicacións perciben que teñen na vida cotiá das participantes e na da súa contorna social inmediata?
- Que contribucións entenden que esta experiencia achega á cidade que as acolle?
- Cal consideran que é estado actual do proxecto e como se podería mellorar?
- E por último, que implicacións socioeducativas perciben asociadas a esta iniciativa de agricultura urbana, ben sexa de xeito actual ou potencial, e que medidas se deberían adoptar para un desenvolvemento óptimo desta dimensión da experiencia?

Con todo, o que se pretendía era coñecer en que medida esta iniciativa, alén de medrar cuantitativamente en disposición de espazos e número de usuarias, tiña avanzado na adopción dunha dimensión socioeducativa propia dirixida tanto ás participantes da experiencia como á cidadanía en xeral, e que camiño que quedaba aínda por percorrer e mediante o uso de que estratexias, sempre dende o punto de vista de análise do referente dunha Educación Ambiental entendida como práctica social crítica (CARIDE e MEIRA, 2001) e orientada polo tanto á transformación social e á promoción da cultura da sustentabilidade como novo paradigma de configuración das sociedades humanas.

Metodoloxía

No plano metodolóxico, optouse por un deseño de corte cualitativo baseado na realización dunha serie de entrevistas semiestruturadas a persoas usuarias das hortas municipais, así como a aquelas consideradas responsables directas desta iniciativa consistorial, complementadas posteriormente polo desenvolvemento dun grupo de discusión no que participaron novamente persoas usuarias. A información recabada foi finalmente triangulada e tratada mediante unha análise interpretativa do discurso, sistematizada mediante programario informático especificamente orientado á análise cualitativa de datos.

En canto ás entrevistas ás participantes, fíxose uso dunha mostraxe de tipo accidental, recompilando un total de oito aplicacións a usuarias que se encontraban facendo uso das instalacións no momento de realización do traballo de campo. Este tivo lugar nunha mesma xornada (martes 20 de setembro do 2016, en horario de tarde), na que se percorreron todos os espazos que compoñen actualmente a Rede Municipal de Hortas Urbanas na busca de participantes que accedesen a seren entrevistadas. A orde de visita dos espazos respondeu ao imperativo xeográfico de desprazamento entre estes: a) Fontiñas-Cotaredo; b) Almaciga; c) Caramoniña; d) Belvís de Abaixo; e) Belvís de Arriba; f) Brañas de Sar. A composición da mostra

resultante expónse na seguinte táboa (Táboa 1).

Nótase que no primeiro espazo visitado (Fontiñas-Cotaredo) non se rexistrou ningunha entrevista, debido a ausencia total de participantes no momento da visita. De igual xeito, cómpre indicar que unha das entrevistas foi realizada simultaneamente a dúas persoas por petición expresa das mesmas, ao cal se accedeu por entender que non comprometería o deseño metodolóxico, e tendo en consideración ademais o seu interese para o propósito secundario das entrevistas, indicado máis adiante.

Polo que fai ás entrevistas ás responsables técnicas e políticas do proxecto, que tiveron lugar durante os meses de outubro e novembro de 2016, solicitouse a participación no estudo a tres persoas que, polo seu desempeño profesional ou polo seu cargo actual ou pasado no goberno municipal, gardan unha directa relación co proxecto municipal de hortas urbanas:

- *Irene López Franco*, Guía Municipal de Zonas Verdes e Xardíns, técnica responsable da xestión do proxecto dende 2010.
- *Elvira Cienfuegos López*, Ex-Concelleira de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (2007-2011), impulsora política do deseño e desenvolvemento inicial do proxecto.
- *Xan Duro Fernández*, actual Concelleiro de Medio Ambiente, Convivencia e Informática, responsable político actual do departamento do que depende o proxecto (Parques e Xardíns).

Para conseguir certa cohesión entre as achegas recollidas, fíxose uso de dous guións, un para cada un dos dous conxuntos de entrevistas, cunha breve batería de preguntas en cada un (6 no caso das usuarias e 8 no das responsables). Para o primeiro grupo, púxose o foco nas súas vivencias e percepcións acerca dos impactos que a experiencia como usuaria das

Entrevista	Espazo	Idade	Sexo	Ocupación	Relación co proxecto	Inicio da participación
1	Almáciga	38	Muller	Xornalista	Adxudicataria	2016
2	Almáciga	57	Varón	Desempregado	Familiar	2016
3	Caramoniña	69	Varón	Xubilado	Adxudicatario	2016
4	Caramoniña	50	Muller	Ama de casa	Veciña	2016
5	Belvís	82/75	Varóns	Xubilados	Adxudicatarios	2008
6	Belvís de Abaixo	39	Varón	Xestor Cultural	Familiar	2014
7	Belvís de Arriba	49	Muller	Profesora Secundaria	Adxudicataria	2008
8	Brañas de Sar	31	Muller	Mestra composteira	Adxudicataria	2016

Táboa 1: Composición da mostra das entrevistas semiestruturadas a participantes.

hortas ten na súa vida cotiá, a nivel persoal pero tamén comunitario. Para o segundo, optouse por unha perspectiva máis analítica acerca da experiencia, a súa relevancia e incidencia na cidade a distintos niveis, sobre as súas contribucións no plano da sustentabilidade urbana, en especial no tocante aos hábitos alimentarios da cidadanía, e acerca das funcións educativas, con especial atención ás especificamente propias da Educación Ambiental.

É relevante sinalar que o rexistro das entrevistas foi realizado en formato audiovisual, empregando para tal fin dúas cámaras con función de vídeo, ademais dunha grabadora de son. Como produto derivado, o material rexistrado nas entrevistas foi utilizado para a realización dun breve documental titulado «Hortas Urbanas: a dimensión social» (23 min.), co obxectivo de ser empregado con fins exclusivamente académicos e pedagóxicos, alén evidentemente do uso empírico dado neste estudo. Polo tanto, non se prevé en caso algún a súa edición ou publicación, detalle do cal foran informadas as persoas entrevistadas para evitar que se cohibisen durante as entrevistas. Entre os usos que se lle deron ata o momento a este material, destaca a súa proxección no Centro de Interpretación Ambiental de Compostela dentro da programación do Foro Ler o Mundo Hoxe, e a súa presentación ao alumnado de Pedagogía e Educación Social da Universidade de Santiago de Compostela dentro do desenvolvemento da materia Educación Am-

biental e Cultura da Sustentabilidade. Para a grabación e montaxe do vídeo contou coa inestimable colaboración de Hadrián Rei, cuxas achegas artísticas e técnicas fixeron posible a realización deste audiovisual.

Para o grupo de discusión, celebrado meses despois da aplicación das entrevistas (mércores 31 de maio do 2017, de 18h a 20h) nas instalacións do Centro de Interpretación de Parques e Xardíns de Santiago de Compostela, equipamento de referencia na xestión da Rede Municipal de Hortas Urbanas, procedeuse a unha convocatoria aberta a todas as persoas usuarias mediante un correo electrónico, enviado coa mediación da técnica responsable da xestión do proxecto por mor da política de protección de datos, no cal se lles convidaba a participar no estudo a través deste método, explicando brevemente a súa mecánica e finalidade. Complementariamente, durante os días previos volveuse a visitar os espazos de hortas para repartir entre as usuarias presentes o mesmo convite en formato papel, co fin de evitar un posible nesgo na mostra derivado da fenda tecnolóxica. Finalmente, contou coa participación de cinco usuarias, tres varóns e dúas mulleres, con representación dos espazos de Brañas de Sar, Belvís de Abaixo, Almáciga e Caramoniña. Mediante esta técnica buscouse dotar ao estudo dun enfoque máis crítico e propositivo, así como máis centrado nas implicacións socioeducativas do proxecto, para com-

plementar así a perspectiva máis descriptiva das entrevistas semiestruturadas. Tras unha breve introdución á dinámica a seguir e de pedirles ás participantes que expresasen en primeiro lugar a súa concepción persoal e subxectiva das hortas urbanas, nunha primeira parte da sesión abordáronse conxuntamente cuestións vinculadas ás implicacións socioeducativas do proxecto, como o estado actual da oferta educativa e formativa vinculada a este ou con que iniciativas educativas dirixidas ás propias usuarias lles gustaría contar, para deseguido conducir a conversa cara a proposición e valoración de posibles funcións educativas das hortas dirixidas a persoas alleas á experiencia, para terminar abordando de xeito crítico o estado actual do proxecto e posibles propostas de mellora. Nunha segunda parte, proxectouse o devandito documental baseado nas entrevistas realizadas, para a continuación comentalo e matizar algunhas cuestións abordadas. Todo a discusión desenvolvida durante o transcurso desta técnica foi rexistrada mediante grabadora de son.

Finalmente, en concordancia co enfoque cualitativo do estudo, optouse por desenvolver unha análise semántica do discurso, cun carácter eminentemente interpretativo ou social-hermenéutico (ALONSO, 1998), entendendo o discurso como un proceso semiótico, narrativo e contextualizado a unha situación específica de referencia (LOZANO, PEÑA-MARÍN e ABRIL, 1997), neste caso a Rede Municipal de Hortas Urbanas

de Santiago de Compostela, os espazos concretos de hortas que a compoñen e que á súa vez se enmarcan dentro de contextos xeográficos e sociais determinados (parques e barrios, veciñanzas e comunidades), e os suxeitos que a configuran dende a asunción de distintos roles dende os que se pronuncian. Dadas as limitacións temporais que acotaron este estudo, unicamente levouse a cabo unha análise dos discursos predominantes ou máis recorrentes, sen prexuízo de futuras análises moito máis detalladas que resalten os discursos subxacentes mais non por iso menos relevantes.

A opción por dito enfoque analítico non foi óbice para empregar o programa informático de análise cualitativa Atlas.ti co fin de facilitar e axilizar a sistematización da información acumulada, mediante un proceso de categorización e codificación e a posterior análise. Para definiir categorías optouse por unha estratexia mixta na que se combinaron os enfoques deductivo e inductivo, aínda que cun significativo predominio deste último para favorecer a emerxencia e identificación dos discursos particulares asociados a esta experiencia concreta de agricultura urbana. Para o establecemento deductivo de categorías recurriuse a estudos previos, como a recentemente defendida tese doctoral de RICHTER (2017) no tocante ás implicacións da experiencia para as persoas usuarias, concretamente no referido ás motivacións predominantes de participación (p. 151-

156) e aos beneficios e retornos destas propias usuarias (161-167), así como á inspiración de propostas de autoras cun maior percorrido no estudo da cuestión dende o campo do urbanismo, como MORÁN (2010) no referente as contribucións

Unidades de análise	Categorías
Concepción das hortas urbanas	Función
	Características
	Tipo de actividade
	Finalidade
	Repercusión
Implicacións persoais	Motivacións
	Beneficios e retornos
	Outras implicacións persoais
Contribucións ao contexto urbano	Mellora da sumentabilidade urbana
	Cidades a escala humana
	Benestar e calidade de vida
	Desenvolvemento comunitario
	Rexeneración urbana integral
Estado do proxecto	Críticas á xestión
	Críticas ao uso
	Demandas
	Vontades
Implicacións socioeducativas	Temática
	Destinatarias
	Formato
	Limitacións
	Propostas

Táboa 2: Relación de unidades de análise e categorías.

deste tipo de espazos aos entornos urbanos actuais. Para o inductivo, as categorías foron emerxendo e sendo identificadas a partir do propio material de análise, é dicir, dos discursos das persoas participantes no estudo.

Resultados

Como resultado do proceso de categorización e dunha primeira análise cruzada do material empírico recompilado (transcricións dos rexistros das entrevistas e do grupo de discusión), e xunto coas unidades de análise baseadas nas fontes consultadas, foron emerxendo de xeito inductivo categorías en base ás unidades de análise definidas para dar resposta ás cuestións planteadas neste estudo (Ver Táboa 2).

É en base a estas que se estruturou a análise dos discursos vinculados a cada unha delas, organizados á súa vez nunha ampla gama de subcategorías, das que aquí daremos conta das máis recorrentes ou relevantes.

Concepción das hortas urbanas

O primeiro paso tomado para acometer a análise dunha iniciativa como a que aquí nos ocupa, foi explorar as distintas con-

cepcións que participantes e responsables manexan en relación a esta en base á súa experiencia persoal. Dende un plano estritamente descritivo, destácase o carácter municipal do proxecto, indicándose así mesmo a súa orientación preferente a persoas maiores, o carácter temporal da cesión das parcelas e a súa gratuidade.

En alusión ás súas funcións, destácase o rol desta iniciativa como fornecedora de espazos de socialización dentro da trama urbana. É tamén recorrente a mención á provisión de alimentos produto do traballo na parcela, así como a que se trata dunha alternativa interesante de lecer. Por último, aínda que menos presente nos discursos analizados, alúdese a certa función educativa delimitada ás aprendizaxes derivadas da participación no proxecto. En canto ao tipo de actividade desempeñada polas persoas usuarias, valórase especialmente que no desenvolvemento da mesma se poda gozar de certo contacto coa natureza. Menciónase tamén que se trata dunha actividade saudable, relaxante e moi adecuada para ser realizada en familia. De entre as finalidades, destácase por riba de todo a recuperación dunha tradición agraria aínda moi presente e apreciada no imaginario colectivo das persoas participantes no estudo, mais tamén se incide na diversificación dos espazos urbanos que supón a instalación das hortas urbanas nas zonas verdes da cidade, así como a promoción da agricultura exolóxica á que esta experiencia se orienta. Dun xeito menos

recorrente, salientase que dita instalación supuxo nalgúns casos, como no da Caramoña ou no da Almáciga, a rehabilitación de zonas degradadas a causa do desenvolvemento desigual da trama urbana compostelá, mais tamén polo consumo de drogas e o abandono de propiedades. Por último destácase tamén que este proxecto convertiuse nun modelo de referencia para outras cidades e vilas galegas, que emularon esta experiencia con proxectos similares.

Implicacións persoais

Nun plano máis persoal relacionado coa vivencia da experiencia como participante do proxecto municipal de hortas urbanas, analizáronse os discursos á luz das categorías usadas por RICHTER (2017) na súa tese e que máis se acomodaban ás cuestións de interese deste estudo: as motivacións das persoas entrevistadas para ser partícipes deste proxecto, por unha banda, e os beneficios e retornos persoais que perciben da propia participación, pola outra. Porén, inductivamente apareceron outras subcategorías que trascendían esta clasificación e que foron agrupadas nun terceira grupo.

Así, polo que fai ás motivacións, destaca principalmente a busca dunha actividade que permitise establecer relacións sociais en torno a un interese común, neste

caso a agricultura urbana. Saliéntase así mesmo a vontade de recuperar o vínculo persoal coa tradición agraria, perdida en grande medida pola adopción dun estilo de vida urbano e a alienación coa produción dos alimentos que esta supón, mais tamén hai unha importante incidencia na procura dunha alimentación máis saudable como motivo principal, a cal se busca conseguir mediante a produción directa de alimentos. A vontade de manter un estilo de vida activo mediante a practica dunha actividade física moderada, a busca de alternativas de ocio ou dun maior contacto coa natureza foron motivacións tamén expresadas de xeito recorrente. É tamén destacable unha motivación máis emocional vinculada a sentimentos de nostalgia relativos á orixe rural por parte dalgunhas usuarias, coa cal buscan reconectar en certa medida a través da práctica hortícola. Outras motivacións indicadas, aínda que dun xeito máis minoritario, foron a procura dun xeito de lecer apropiado para practicar en familia, a busca da recreación estética mediante o coidado dunha parcela ou motivos cun carácter explícitamente ideolóxico vinculados ao ecoloxismo.

Entre os beneficios e retornos identificados, destacan mesmamente as relacións sociais que se establecen entre as participantes, entre as que se inclúe compartir recursos e produtos, así como a posibilidade dun maior autoconsumo de alimentos producidos na horta, o cal se relaciona, aínda que en menor medida, cun certo aforro

económico ao suplir deste xeito necesidades que doutra maneira tiñan que ser satisfeitas completamente mediante compra. Neste sentido, faise referencia tamén ao mantemento de certa actividade física que implica o coidado da horta e que permite combatir o sedentarismo e os seus efectos negativos, valorándose igualmente que estes espazos posibilitan un xeito de lecer satisfactorio, tanto polo propio proceso como polo sentimento de realización que achega a consecución duns produtos froito da actividade desenvolvida, e cun contacto coa natureza maior que no resto de oferta lúdica dispoñible nun contexto urbano. Por último, valóranse tamén as aprendizaxes acadadas en relación á práctica da agricultura, en especial no referido aos manexos ecolóxicos, así como a emerxencia de certo vínculo emocional co espazo e coa iniciativa.

Entre outras implicacións emerxidas dos discursos das persoas participantes no estudo non clasificables dentro das categorías establecidas de xeito deductivo en base ao traballo de Richter, detaca a mellora das relacións veciñais, é dicir, entre as usuarias das hortas e a veciñanza que habita nas áreas circundantes a cada espazo. Saliéntase tamén que esta iniciativa permitiu a aparición de relacións interxeneracionais que doutro xeito sería máis difícil que tiveran lugar, pois permite compartir espazo e actividade entre persoas de moi distintas idades. Por outra banda, valórase que a participación neste proxecto permite dis-

poñer dun lugar de relaxación e de desconexión da rutina, chegándose a atribuír beneficios terapéuticos neste sentido. Finalmente, apréciase a posibilidade de acceder a través da práctica da agricultura urbana a alimentos dunha calidade que é difícil atopar nos medios convencionais de distribución.

Contribucións ao contexto urbano

En relación aos impactos ou implicación que a existencia desta experiencia de hortas urbanas ten para a cidade que as alberga, estruturouse a análise en torno a categorías inspiradas nas propostas de MORÁN (2010) á hora de atribuír contribucións que a presenza da agricultura urbana ten para as cidades contemporáneas.

En primeiro lugar, indícanse algunhas contribucións explicitadas polas participantes do estudo en relación á mellora da sustentabilidade urbana, categoría organizada á súa vez en dúas subcategorías. A primeira delas é a melloría da sustentabilidade do ecosistema urbano, pois a instalación de hortas dentro do entramado da cidade é percibido como un xeito de diversificar os usos das zonas verdes xa existentes e de rexenerar espazos degradados, incorporando unha maior diversidade de especies vexetais, as cales permiten a recuperación

da fauna asociada, facendo mesmo de corredores biolóxicos e de espazos para a recuperación da biodiversidade no seo dos entornos urbanos. A segunda agrupa as achegas das hortas a un maior equilibrio do metabolismo urbano, debido a que poden chegar a permitir certa redución na demanda de alimentos importados que son substituídos polo autoconsumo, unha disiminución tamén na emisión de residuos debido a dita redución e ao fomento do produto fresco non envasado, mais tamén porque se traballan cuestións relativas a xestión dos residuos urbanos, a través por exemplo da compostaxe de restos orgánicos. A isto se engade unha maior presenza da agricultura ecolóxica na cidade, que se materializa na formación nos manexos en finca asociados entre as usuarias e nunha promoción desta opción alimentaria entre a cidadanía en xeral.

A continuación, entre as contribucións das hortas urbanas para configuración da cidade a unha escala máis humana, destácase a rexeneración dos espazos urbanos, volvéndoos máis habitables e agradables, achegándolles valor estético e ampliando a oferta lúdica e de espazos alternativos de socialización cun maior contacto coa natureza, e propiciando así mesmo unha maior apropiación dos espazos baseada no fomento da participación nas zonas públicas e no vínculo emocional que se establece a través da xestión dunha parcela. Neste sentido, recóllense tamén contribucións percibidas en relación ao benestar e a calidade

de vida da cidadanía, entendéndose que as experiencias de hortas urbanas propician estilos de vida saudables, tanto no relativo á alimentación como no mantemento da actividade física, mediante actividades de lecer relaxantes e satisfactorias, e cun carácter familiar e interxeracional, aspectos especialmente relevantes no caso das persoas maiores, que ademais atopan unha motivación extra ao sentir que conservan unha función social relevante e apreciada.

Especial interese gardan as contribucións percibidas en prol do desenvolvemento comunitario, pois percíbese dun xeito xeralizado as hortas como espazos de socialización que permiten incrementar e fortalecer relacións sociais entre usuarias, pero tamén co resto da veciñanza, favorecendo a integración interxeracional, o convivio, o sentimento de identidade e os procesos de inclusión, chegando a ser unha causa de fixación de poboación nos barrios onde se localizan. Non obstante, tense percibido que tamén poden ser obxecto de certas tensións, que se materializan na aparición dalgún conflito con outros colectivos do barrio e na aparición marxinal de hostilidades cara as hortas e as súas usuarias, como son a expresión de envexas e reproches, a aparición de residuos derivados do consumo nocturno de alcohol e outras substancias nas instalacións ou o dano e roubo de colleita, material e equipamentos.

Con todo, enténdese que a trazos xerais a presenza das hortas contribúe a unha rexe-

neración urbana integral, que tamén é percibida a través da reconexión do contexto urbano coa tradición agraria, vinculada a elementos apreciados da identidade cultural galega, así como na boa acollida que este proxecto municipal recibiu por parte da cidadanía e que está a permitir a súa rápida expansión e polo tanto incremento da súa presenza e impacto na cidade.

Estado do proxecto

Unha das motivacións principais á hora de emprender este estudo era coñecer a situación actual do proxecto despois da significativa evolución que este experimentou dende 2013. Se ben era posible basearse nas informacións aparecidas en distintos medios ou nos comunicados oficiais emitidos polo Concello, interesaba explorar cunha maior profundidade a percepción que as persoas que participan directamente desta experiencia tiñan acerca desta cuestión. Como é lóxico, nesta unidade de análise o proceso de categorización foi completamente inductivo, resultando unha organización das mesmas en catro categorías principais, dúas de carácter crítico, coa xestión do proxecto mais tamén coa mesma participación das usuarias, e dúas cun carácter máis propositivo, en clave de demandas de mellora pero tamén coa expresión de vontade de cambio no rol desempeñado polas propias participantes.

Así, no primeiro plano, entre as críticas á xestión actual do proxecto salientáanse algunhas carencias e desequilibrios na disposición de equipamentos nos espazos, concretamente na disposición de almacéns suficientemente grandes e seguros para gardar ferramentas e apeiros, e na dispoñibilidade de contedores de compostaxe e tomas de auga suficiente para todas as parcelas. A nivel xeral, demándase que todas e usuarias contencuns equipamentos e servizos mínimos en igualdade de condicións, independentemente do espazo no que se localice a parcela que traballan. Por outra banda, hai certo sentimento xeralizado de desamparo entre as participantes, tanto por parte do Concello como da empresa concesionaria encargada da xestión do proxecto e dos espazos que compoñen a Rede. Neste sentido, láméntase que hai un mantemento insuficiente das instalacións, que se percibe, por exemplo, no deterioro de paneis informativos e outros equipamentos ou nun coidado de sendeiros e outros espazos comúns ás veces deficitario ou que mesmo ten que ser atendido polas propias usuarias, cando isto non entra a priori dentro das súas responsabilidades. Todo isto, sumado ao abandono de parcelas por parte dalgunhas usuarias, propicia unha atmosfera de decadencia que provoca certo desánimo entre as participantes e a que consideran unha mala imaxe cara o resto da cidadanía. Outro aspecto no que se observa dita desatención é na carencia dun acompañamento máis próximo e

continuado por parte das responsables do proxecto, pois máis alá dunha primeira toma de contacto e algunha actividade illada, se indica que non existe unha dinámica permanente de traballo coas usuarias nin un programa de actividades que doten ao proxecto de maior contido que a mera concesión de parcelas. Outro asunto que preocupa xeralmente ás usuarias é o da seguridade, debido ao reiterado sufrimento de roubos de ferramentas e produtos da horta, polo que en certa medida se tende a valorar mellor neste sentido os espazos cuxo recinto permanece pechado fóra do horario de actividade, como é o caso da Caramoniña. Por último, bóta-se en falta dun xeito explícito a existencia dunha maior oferta educativa destinada ás usuarias, pois perciben certas carencias e lagoas nos coñecementos e destrezas agrícolas necesarias para optimizar o cultivo da horta, especialmente mediante manexos ecolóxicos.

Por outra banda, as usuarias participantes neste estudo fixeron tamén gala dun gran sentido da autocrítica, pois na súa análise da situación actual do proxecto non se abstiveron de sinalar algúns defectos pola súa parte en tanto que actores involucrados no proxecto. Así pois, un dos elementos máis salientados foi o individualismo imperante na relación das usuarias co espazo, acentuado polo formato de distribución das hortas en parcelas concedidas a título particular, pero que reflexan en parte a herdanza dunha tradición agraria galega

baseada no minifundismo. Isto dificulta en grande medida a aparición de dinámicas de organización e colaboración máis estruturadas alén do intercambio de saberes, sementes, ferramentas e produtos, que incluso non se dan necesariamente sempre. Isto provoca, entre outras causas, unha falta de articulación e de iniciativa por parte das usuarias, o que impide a emerxencia dunha maior autoxestión dos espazos ante as eivas de xestión por parte das responsables anteriormente indicadas. Por outra banda, indícase que adoitan a ter lugar incumprimentos das ordenanzas que regulan o funcionamento das hortas e as condicións do seu uso, especialmente na obriga de practicar manexos ecolóxicos libres de agrotóxicos, especialmente entre as usuarias de maior idade. Tamén se lamenta a entrada de animais domésticos (cans e gatos principalmente) nos espazos de hortas, moitas veces introducidos polas propias usuarias, o que eventualmente provoca certos problemas, como a presenza de excrementos ou a remexedura das terras de cultivo. En último lugar, unha queixa común ten que ver co abandono ou desleixo dalgunhas parcelas, que quedan durante meses ou mesmo durante todo o ano sen ser traballadas, cos agravios que isto implica tanto para as usuarias, pola imaxe de decadencia, a perda de valor estético dos espazos e por ser un foco de pragas e outras ameazas para os cultivos, como para as persoas que permanecen na lista de agarda para a concesión dunha parcela.

Xa nun plano propositivo, a modo de demandas ou propostas de mellora, pídese unha maior implicación do Concello no proxecto que vaia máis alá de abrir novos espazos, así como a apertura de canles de comunicación directa coa Concellería competente (Medio Ambiente, Convivencia e Informática) non necesariamente mediada pola empresa concesionaria da xestión do proxecto, posto que en definitiva se trata dun servizo de carácter municipal. Así mesmo, demándase tamén unha mellora na comunicación e o trato por parte da responsable da xestión, pois síntese que non é todo o correcto e fluído que cabería esperar, o que en parte tamén orixina a devandita sensación de desamparo. Doutra banda, reclámase a aplicación dunha política de igualdade de dereitos e servizos accesibles entre o conxunto de usuarias e espazos da Rede, reivindicación especialmente alentada polo anuncio do Concello de apertura dun novo espazo de hortas ao redor da Ruela de San Clemente, moi próxima ao Pazo de Raxoi, sede do Concello, no que se anticipa se esixirá un especial decoro no coidado das parcelas², o cal provoca certo malestar dada a escasa resposta ao abandono destas noutros espazos. Neste sentido, proponse que se proceda á reasignacións das parcelas claramente abandonadas co fin de evitar os prexuízos antes indicados e facilitar a súa concesión a novas usuarias. En último termo, como requisitos básicos

2 Ver nota 1.

para a mellora e evolución cualitativa do proxecto, demándase que se establezan e implementen procesos de avaliación e supervisión, co fin de poder dar resposta ás carencias ou anomalías que se detecten no desenvolvemento óptimo da experiencia, mais tamén de acompañamento, para dinamizar a participación das usuarias dun xeito máis colectivo e atender ás súas necesidades formativas, así como poder chegar a aproveitar mellor o potencial socioeducativo das instalacións de cara ao resto da cidadanía.

Finalmente, en base a esta análise do estado do proxecto, apareceron algunhas expresións de vontades por parte das participantes en relación á súa actuación como tales. Primeiro, existe certa intención, aínda que con algunhas reservas sobre a súa viabilidade entre algunhas participantes no estudo, de emprender unha proceso de organización e mobilización entre as usuarias dos diferentes espazos da rede, co fin de crear un movemento de agricultores urbanos, chegando incluso a poderse constituir eventualmente como asociación, coa finalidade de defender os seus dereitos en tanto que usuarios dun servizo público, mais tamén para desenvolver dinámicas dunha maior autoxestión da súa actividade e contribuir así mesmo dunha maneira activa á promoción da agricultura urbana, a agricultura ecolóxica e a adopción de estilos de vida máis sustentables en xeral entre o conxunto da cidadanía.

Neste sentido, cómpre indicar que, coincidindo no tempo coa celebración do grupo de discusión, tívose coñecemento da dinamización nun dos espazos que compoñen a Rede dun proceso de recollida de sinaturas de usuarias para apoiar un texto dirixido ao Concelleiro de Medio Ambiente, Convivencia e Informática, Xan Duro Fernández, no cal se recollían unha serie de solicitudes entre as que se incluían a instalación no recinto dun servizo de aseos, vestiarios e almacén para gardar ferramentas dun xeito seguro, a normalización do servizo de recollida de residuos no espazo, o cumprimento efectivo do peche do recinto nos horarios establecidos segundo tempada e da normativa no referente ao abandono de parcelas. Sinálase no texto que simplemente se demanda que se cumpran as ordenanzas e as previsións do proxecto no que a dotación de servizos se refire. Solicítase así mesmo unha posta ao día no mantemento das instalacións, tanto en mobiliario como infraestrutura, pois existe un importante deterioro destas que incluso entraña certo perigo para usuarias e visitantes. Por último se engade como anexo algunhas demandas adicionais das usuarias asinantes, nas que se inclúen a reposición de lindes e marcos entre parcelas, desvanecidas co paso do tempo, o suministro de compost en igualdade de condicións que noutros espazos da Rede e a oferta de formación in situ en técnicas vinculadas a agricultura ecolóxica (compostaxe, control de pragas, etc.). Suxírese ademais o aproveitamento con fins pe-

dagóxicos en colaboración con asociacións ou escolas das abundantes parcelas abandonadas mentres non sexan readxudicadas a novas demandantes, pois están a supoñer un problema cada vez máis extendido e que da lugar a distintos agravios e irregularidades, chegando incluso a provocar novos abandonos debido ao desánimo que, xunto cos sucesivos roubos, provoca a antedita sensación de decadencia.

Implicacións socioeducativas

Finalmente, para acometer xa directamente o principal propósito deste traballo fíxose especial fincapé, tanto mediante as entrevistas como do grupo de discusión, nas actuais e potenciais implicacións socioeducativas vinculadas á Rede Municipal de Hortas Urbanas, en tanto que conxunto de equipamentos pero tamén como proxecto municipal que trascende a mera disposición de parcelas. Así entón, no caso desta unidade de análise fíxose uso tamén de categorías inductivas para agrupar as diferentes cuestións que foron emerxendo, organizándose segundo tiveran relación coa temática, destinatarias ou formato das distintas iniciativas educativas existentes ou posibles, coas limitacións identificadas que impiden ou dificultan o desenvolvemento dunha dimensión socioeducativa máis complexa e estruturada ou con propostas que a poderían permitir, promover e sustentar.

Ao respecto das temáticas de interese por parte das participantes, ben sexa en relación á formación xa ofertada ou á que potencialmente se podería desenvolver dentro do marco desta iniciativa de hortas urbanas, destacan principalmente as cuestións máis directamente vinculadas á formación en agricultura ecolóxica, como poden ser as técnicas de fertilización e compostaxe, o control de pragas e as implicacións do uso de pesticidas e as súas alternativas, ou as técnicas de cultivo máis eficientes ao tempo que respectuosas co medio e coa saúde humana. Interesa tamén profundar en nocións máis xerais de agricultura, como as tempadas de cultivo, as variedades autóctonas ou as especies aromáticas e medicinais. Hai certa sensibilidade tamén cara a temas de índole máis sociocomunitaria, como o fomento da cooperación, do respecto entre distintos colectivos –dentro das usuarias e do resto da cidadanía- e de hábitos cívicos. Por último, tamén se salientou a pertinencia das hortas urbanas para traballar temas propios das disciplinas da Ecoloxía, o Paisaxismo ou a Edafoloxía, así como cuestións de alimentación e sustentabilidade urbana.

Polo que fai a identificación dos posibles colectivos destinatarios desta oferta, discrimínouse entre persoas usuarias e resto da cidadanía, mentres que dentro das primeiras distinguíuse especialmente ás persoas maiores ao considerarse un colectivo con necesidades e potencialidades educativas diferenciadas, dentro dunha

lóxica interxeracional. Por último, o público infantil ou escolar foi o colectivo alleo á iniciativa no que se fixo unha maior incidencia á hora de salientar á existencia ou a potencialidade de propostas socioeducativas vinculadas ao proxecto.

En canto aos formatos, estes fóronse indicando en relación a cada colectivo destinatario, alén dalgúns que se expresaron cun carácter máis xeral. Así, en relación ás usuarias de maior idade remarcouse a necesidade de reorientar prácticas incorrectas ou que contraveñen a obriga de practicar a agricultura ecolóxica, excluindo polo tanto o uso de agrotóxicos (abonos, pesticidas, etc.), mediante formacións que evidencien a viabilidade de métodos alternativos (compostaxe, asociacións de especies, acolchados vexetais, bancais, etc.), aínda que tamén se destacou o valor da transmisión interxeracional da súa experiencia, pois é a que permite a recuperación da tradición agrícola. Dáselle tamén un valor especial ao exemplo que moitas das súas prácticas supoñen tanto para o resto de usuarias como para a cidadanía en xeral e a poboación infantil ou escolar en particular. En relación a esta última, salientouse a posibilidade de recibir as súas visitas nos espazos de hortas, sendo esta unha iniciativa relativamente recorrente dende o comezo do proxecto e anteriormente tamén vinculada ao extinto Programa Municipal de Educación Ambiental³. A través deste

formato as usuarias poden compartir os coñecementos adquiridos mediante a súa experiencia nas hortas municipais, mais tamén se sinala a posibilidade doutros formatos que xa están a funcionar con maior ou menor consistencia, como son as hortas nas escolas ou a reserva de parcelas para uso das escolas próximas aos espazos da Rede, como no caso da Almáciga ou das Brañas do Sar. Neste último formato incídese na importancia da implicación do mestrado e das familias das nenas e nenos no desenvolvemento da actividade. Do mesmo xeito, cara á cidadanía en xeral, salientase tamén o formato das visitas aos espazos e o exemplo que ofrecen as usuarias coa súa práctica, cos consecuentes e visibles resultados produtivos, ao que se engade a posibilidade da reserva de parcelas para asociacións veciñais, malia que aínda queda pendente traballar en reforzar o vínculo da Rede con outras iniciativas sociais compostelás, reto do cal se resalta o seu interese e potencial. Outro formato proposto nesta liña sería desenvolver algún tipo de escola-taller de xardinería ou agricultura orientado á mocidade en situación de desemprego. De cara ás usuarias en xeral, entre os formatos xa existentes destácanse os de carácter informal, como a aprendizaxe colectiva e os intercambios (sementes, receitas, etc.) que teñen lugar entre participantes, a experimentación mediante a lóxica do ensaio-erro e a autofor-

3 <http://santiagodecompostela.gal/medi/>

departamento/atencion_cidadan/EDUCACION/Programa_de_Educacion_Ambiental/Presentacion1.pdf [Consulta: 30-08-2017]

mación, principalmente a través de Internet. Cun carácter máis formal, menciónase a celebración dalgunha palestra, percibida como insuficiente, mentres se aprecia a existencia dunha horta de referencia nas hortas de Belvís de Abaixo, excepcionalmente adxudicada dun xeito permanente a un dos usuarios de maior idade da Rede, o señor Eduardo, que xa traballaba ese terreo antes de existir o proxecto municipal. Nesta mesma liña, láméntase o escaso aproveitamento educativo da horta experimental, que se ben nos primeiros anos funcionou e nos últimos meses tivo lugar algunha actividade illada, está moi lonxe de ser aproveitada do xeito previsto polo proxecto inicial. Formatos que se indican como interesantes a desenvolver irían na liña da capacitación técnica sobre terreo, nos distintos espazos de hortas. E finalmente, cun carácter máis xeral se indica a presenza de paneis interpretativos nos espazos de hortas e se propón como formato interesante a desenvolver a celebración de xornadas temáticas de distintas índole que contribúan a dinamizar a participación e a cohesión das usuarias da Rede.

En relación ás limitacións que impiden ou dificultan o desenvolvemento da dimensión socioeducativa desta experiencia de agricultura urbana, identificáronse elementos cun carácter máis estrutural, atribuíbles ao propio funcionamento do proxecto, por unha banda, e factores que dependen máis directamente das usuarias das hortas como colectivo, pola outra. En canto aos

primeiros, redúndase na escasa atención por parte do Concello máis alá da xestión para a apertura de novos espazos de hortas, pero tamén na insuficiente implicación da empresa concesionaria da xestión do proxecto á hora de desenvolver dita dimensión máis alá dalgunhas accións puntuais. Así mesmo, sinálase que o propio modelo de xestión establecido, baseado na concesión dun servizo público a unha empresa privada, non é o máis axeitado para administrar un proxecto destas características, e menos se se lle quere dotar dunha vertente socioeducativa sólida e orientada á transformación social, pois esta vocación non entra dentro do conxunto de intereses últimos dunha empresa enfocada a fins lucrativos. Hai certo consenso en atribuír a esta causa á xa sinalada carencia de oferta educativa, derivada dunha política educativa escasa e pouco definida, carente dunha planificación, xestión e moito menos avaliación serias desta dimensión socioeducativa da Rede. Polo que fai ás limitacións colectivas das usuarias, vóltase a incidir na barreira que supón o forte individualismo que caracteriza a participación de moitas delas das hortas, traducido nunha preocupación exclusiva polas respectivas parcela e nula polos asuntos comúns. Relacionado con isto, reitérase que, por múltiples razóns, hai moi pouca iniciativa por parte das usuarias á hora de asumir un rol máis activo dentro da Rede, o que, xunto coa dificultade intrínseca dos procesos asemblearios, entorpece a emerxencia dunha maior articulación entre estas, me-

diante a cal sería posible unha contribución maior deste colectivo á construción dunha dimensión socioeducativa potente. Por outra banda, sinálase que existe certa resistencia ao cambio ou a adoptar novas propostas relativas ao manexo produtivo, así como unha carencia de hábito de acceso á formación, especialmente entre as usuarias de maior idade. Tamén se indica que as dúbidas que moitas usuarias teñen acerca dos métodos e técnicas de agricultura ecolóxica máis eficientes cohibélles de asumir un papel máis activo na sensibilización doutras usuarias neste sentido. Por último, unha limitación común a ambas partes e que se identifica tamén como causa do freo ao desenvolvemento do potencial socioeducativo da Rede son os problemas de comunicación existentes entre usuarias e responsables.

En derradeiro lugar, achegáronse algunhas propostas que poderían funcionar como facilitadoras do desenvolvemento de iniciativas socioeducativas, podéndose distinguir segundo se orienten á toma de medidas por parte das responsables do proxecto, á asunción de compromisos por parte das usuarias ou se poñen o foco na comunicación e colaboración entre ambos colectivos. No primeiro caso, destácase de novo a demanda dunha maior implicación do Concello no desenvolvemento da oferta educativa vinculada ao proxecto, en tanto que, malia que a xestión estea concertada cunha empresa privada, continúa tratándose dun servizo municipal con

vocación pública. Así mesmo, sinálase o interese que tería vincular esta Rede con outras iniciativas municipais afíns e que están a funcionar de xeito exitoso, como a campaña de instalación de composteiros individuais⁴. Por outra banda, suxírese á responsable técnica do proxecto un maior esforzo en materia de planificación educativa, apostando pola descentralización da oferta para achegala aos espazos de hortas e facilitar así a participación dun maior número de usuarias, especialmente daquelas que carecen de hábito de acceso á formación. Incídese unha vez máis na necesidade de adoptar procesos de avaliación, acompañamento e supervisión, tamén no plano das iniciativas socioeducativas vinculadas ás hortas, ben estean estas orientadas exclusivamente ás usuarias ou abertas a outros colectivos, pois se entende que este é o único xeito de mellorar cualitativamente esta dimensión. No segundo caso, indícase que por parte das persoas usuarias tamén se pode contribuír significativamente a enriquecer as implicacións socioeducativas da Rede, pero isto ten que pasar necesariamente por unha maior articulación e mobilización destas e, polo tanto, dunha maior proactividade e compromiso para co proxecto máis alá do goce particular da parcela temporalmente concedida. En canto ao terceiro aspecto, enténdese necesaria a mellora na relación entre todas as partes involucradas, des-

4 http://santiagodecompostela.gal/facendo_cidade/apartado.php?txt=fc_limpeza&ap=2&lg=gal [Consulta: 30-08-2017]

tacándose o establecemento de canles de comunicación directa co Concello en tanto que responsable último do desenvolvemento do proxecto. Por último, estímase oportuna e desexable a creación dun equipo educativo transdisciplinar válido e comprometido que coordine conxuntamente coas responsables do proxecto a dimensión socioeducativa da Rede, en base a obxectivos consensuados entre todas as partes e cunha especial atención ás necesidades formativas das usuarias.

Conclusións

En base aos resultados das análises efectuadas, pódense extraer algunhas conclusións relevantes para o caso que aquí nos ocupa, algunhas das cales tamén poderían ser empregadas como referencia en iniciativas similares de agricultura urbana, salvando sempre as diferencias.

Primeiro, pódese afirmar que se ben o proxecto experimentou un claro crecemento cuantitativo no que a número de espazos, parcelas e usuarias participantes se refire, e mesmo segue con esta dinámica coa previsión de apertura de novos espazos noutras zonas da cidade, non tivo un proceso similar no plano cualitativo, pois non se profundizou na dotación de servizos nin se optimizou a xestión, chegándose incluso a sufrir retrocesos ou deterioros por falta de mantemento segundo se desprende

das contribucións dalgunhas das participantes do estudo. O mesmo ocorre no plano socioeducativo, pois se ben nos inicios do proxecto tratáronse de desenvolver iniciativas vinculadas ás hortas neste eido, esta vontade non prosperou no decorrer dos anos e esta dimensión foise reducindo cada vez máis á mínima expresión.

Segundo, hai unha clara demanda dunha reorientación na xestión do proxecto, dentro das marxes de manobra que permite a súa configuración organizativa actual. Así, a trazos xerais, solícitase maior implicación por parte das persoas e institucións responsables, unha mellora das relacións e a comunicación entre as partes involucradas, e unha planificación e posta en práctica de procesos de acompañamento, supervisión e avaliación, especialmente no que ao desenvolvemento da dimensión socioeducativa do proxecto se refire.

Terceiro, detectouse certa vontade por parte dalgunhas das usuarias participantes do estudo de dotarse dunha maior articulación como colectivo, dentro dos distintos espazos de hortas e a nivel do conxunto da Rede, que permita a defensa dos seus dereitos como usuarias dun servizo público, pero tamén un maior protagonismo no funcionamento do proxecto, contribuíndo á súa mellora e ao desenvolvemento dunha dimensión socioeducativa potente, tanto a nivel interno como de cara ao resto da cidadanía. Porén, para isto precísase rachar con algunhas dinámicas limitantes, estru-

turais e propias, e promover entre o colectivo unha maior proactividade e compromiso co proxecto común, para o cal sería de gran axuda certo apoio a este proceso por parte das responsables do proxecto.

En cuarto e último lugar, e como proposta recollida na análise das achegas das participantes pero que asume completamente o autor deste traballo como recomendación, unha vez acadadas as dimensións actuais do proxecto no seu proceso de expansión cuantitativa, revélase pertinente e interesante como medio de mellora cualitativa, a formación dunha equipa transdisciplinar válida e comprometida que se encargue de coordinar e dinamizar a dimensión socioeducativa do proxecto, en estreita colaboración coas responsables políticas e técnicas, e que traballe en base a obxectivos consensuados por todas as partes involucradas, especialmente as usuarias como protagonistas da experiencia, e mediante procesos de planificación, acompañamento e promoción da participación, mediación de posibles conflitos e para a mellora da comunicación e unha avaliación rigurosa de todas as iniciativas desenvolvidas.

En definitiva, tal como se reiterou por parte de varias participantes deste estudo, incluíndo o actual Concelleiro de Medio Ambiente, Convivencia e Informática, a Rede Municipal de Hortas Urbanas de Santiago de Compostela son ante todo un libro aberto por escribir, cun grande potencial socioeducativo e de transformación social para a pro-

pagación da cultura da sustentabilidade entre a poboación compostelá. Agora cómpre escribilo entre todas do mellor xeito posible.

Referencias bibliográficas

- ALONSO BENITO, Luís Enrique (1998): *La mirada cualitativa en sociología*. Madrid, Fundamentos.
- BISQUERT i PÉREZ, Kylyan Marc (2013): As Hortas Municipais de Belvís (Santiago de Compostela): unha experiencia de Educación Ambiental? Estudo do caso [Traballo Fin de Grao]. Santiago de Compostela, Repositorio Minerva - Universidade de Santiago de Compostela. Recuperado de <http://hdl.handle.net/10347/12825> [Consulta: 23-08-17]
- CARIDE GÓMEZ, José Antonio; e MEIRA CARTEA, Pablo Ángel (2001): *Educación Ambiental y Desarrollo Humano*. Barcelona, Ariel.
- DUCHEMIN, Éric (Dir.) (2013): *Agriculture urbaine: aménager et nourrir la ville*. Montréal, Vertigo.
- DURAND FOLCO, Jonhatan (2017): *À nous la ville! Traité de municipalisme*. Montréal: Écosociété.
- LOZANO HERNÁNDEZ, Jorge; PEÑA-MARÍN, Cristina; e ABRIL CURTO, Gonzalo (1997): *Análisis del discurso. Hacia una semiótica de la interacción textual*. Madrid, Cátedra.
- MORÁN ALONSO, Nerea (2010): "Agricultura urbana: un aporte a la rehabilitación integral", en *Papeles de relaciones ecosociales y cambio global*, 111, 99-111. Recuperado de http://www.fuhem.es/media/cdv/file/biblioteca/revista_papeles/111/agricultura_urbana_N._MORAN.pdf [Consulta: 23-08-17]
- MORÁN ALONSO, Nerea; e HERNÁNDEZ AJA, Agustín (2011): "Historia de los huertos urbanos. De los huertos para pobres a los programas de agricultura urbana ecológica", en *Actas del I Congreso Estatal de Agricultura Ecológica Urbana y Periurbana*. Recuperado de http://oa.upm.es/12201/1/INVE_MEM_2011_96634.pdf [Consulta: 07-08-17]
- NADAL FUENTES, Ana (2015): "Agricultura urbana en el marco de un urbanismo sostenible", en *Eli-sava Temes de Disseny*, 31, 92-103. Recuperado de <http://www.raco.cat/index.php/Temes/article/view/299338/388832> [Consulta: 07-08-17]
- RICHTER ITURREGUI, Fernando (2017): *Los huertos urbanos y el cultivo de sí. La agricultura urbana en España y el País Vasco como experiencia de ocio emergente y fenómeno social en expansión* [Tesis doctoral]. Bilbao, Universidad de Deusto.